



EXCMO. CONCELLODETUI

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONFECCION DE LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE CLARINETE.

Mediante Resolución de Alcaldía da data 04/04/2018 se aprobou a convocatoria e bases de selección cuxo articulado é o seguinte:

“CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONFECCION DE LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU NA ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE CLARINETE, cuxo articulado é o seguinte:

1 OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é dispor dun sistema rápido, áxil e que cumpra os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, co fin de utilizalo para a cobertura de baixas, substitucións temporais e similares do posto previsto no anexo de persoal do orzamento do Concello, coma profesor/a de música na especialidade de CLARINETE.

O período de contratación de cada persoa terá unha duración igual ao tempo que dure a circunstancia que orixine a contratación ou nomeamento.

2 CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

A persoa contratada deberá prestar os seus servizos a tempo parcial, en horario a determinar pola concellería de Persoal, segundo as necesidades do servizo, cunha xornada de 30 horas semanais, podendo comprender xornada de mañá e/ou tarde.

As funcións a desenvolver pola persoa seleccionada serán a impartición das materias de clarinete e outras que considere o Equipo Directivo do Conservatorio e/ou Escola de Música de Tui, relacionadas co posto.

3 REQUIRIMENTOS DOS ASPIRANTES

1 Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.-Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3.-Ser maior de dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4.-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade co disposto no artigo 56.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Carlos Vazquez Padín (1 de 1)
Alcalde
Fecha Firma: 05/04/2018
HASH: 42a0037d5d0c6559d1ba6a15525d62c74





EXCMO. CONCELLODETUI

5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

6.- Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual. (As persoas que resulten seleccionadas, deberán aportar, previa á contratación, unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, ou autorizar expresamente ó Concello para a súa solicitude).

7.- Estar en posesión do **Título superior ou medio de clarinete(plan de estudos Decreto 2618/1966), ou do Título superior de clarinete LOXSE ou LOE .**

8.- Ter ingresado na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias, o importe en concepto de dereitos de exame segundo o disposto na ordenanza reguladora correspondente. Importe 15,34€. Para o pago das taxas deben solicitar o documento de ingreso no departamento de tesourería do Concello, enviando correo electrónico a amalia.tesoureria@concellotui.org ou ana.tesoureria@concellotui.org, indicando no mesmo correo os seguintes datos: nome e apelidos, dni, enderezo completo con código postal, nome do proceso selectivo e teléfono de contacto; tendo en conta que deben facelo coa antelación suficiente para recibir o dito documento, e poder realizar o pago no prazo de presentación de instancias.

4 PROCESO DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición.

FASE DE OPOSICIÓN: (puntuación máxima nesta fase 6 puntos).

a) Primeiro exercicio: Obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico-práctico.

Consistirá en desenrolar de forma escrita o suposto plantexado polo tribunal, que estará baseado no contido do programa establecido no anexo I da convocatoria, durante un período de tempo que será determinado polo tribunal antes do inicio deste exercicio. Se o tribunal o esixe, este exercicio terá que ser lido polo aspirante. Neste caso, o tribunal reservase o dereito de facer preguntas sobre o mesmo. Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

b) Segundo exercicio: Obrigatorio e non eliminatorio.

Rematado o exercicio teórico e nesta mesma sesión, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que puntuarase de 0 a 3, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán os 3 puntos.

FASE DE CONCURSO: (puntuación máxima de 4 puntos).

En primeiro lugar o tribunal procederá a avaliar os méritos conforme o seguinte baremo:

1) Experiencia docente: 0,10 puntos por mes completo coma profesor de clarinete ata un máximo de 1,50 puntos. Tan só puntuará as clases realizadas en Conservatorios Profesionais, sendo necesario acreditar tal circunstancia cunha copia do correspondente contrato e vida laboral. As fraccións inferiores ao mes non se computarán.





EXCMO. CONCELLODETUI

2) Títulos oficiais superiores relacionados coa materia do contrato, 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto.

3) Coñecemento de galego: Coñecemento de lingua galega, ata un máximo de 0,50 puntos, de conformidade co seguinte baremo:

-Certificado de CELGA 1 0,10 puntos.

-Certificado de CELGA 2 0,20 puntos.

-Certificado de CELGA 3 ou iniciación 0,30 puntos.

-Certificado de CELGA 4 ou perfeccionamento0,40 puntos.

-Certificado de CELGA 5 ou cursos de especialización de galego 0,50 puntos.

Unicamente valorarase o curso de maior puntuación acreditado.

4) Cursos relacionados coas materias do contrato (só puntuarán os cursos de mais de 19 horas acreditadas), ata un máximo de 1 punto.

-Cursos de 20 a 50 horas, 0,10 puntos por curso.

-Cursos de 51 a 100 horas, 0,20 puntos por curso.

-Cursos de 101 a 200 horas, 0,40 puntos por curso.

-Cursos de mais de 201 horas, 0,50 puntos por curso.

Con carácter xeral especificase que só se valorarán os cursos e méritos relacionados con instrumentos ou materias que sexan as propias ás que se aspira a dar clases impartidos polas Administracións Públicas, Sindicatos, Universidades, Conservatorios, Servizo Público de Emprego ou Colexio Profesional e relacionados coas funcións a desenvolver, a xuízo do Tribunal. Non serán valorables as xornadas, seminarios, encontros, conferencias, premios, concursos e demais actos que non teñan un carácter especificamente docente. Os cursos nos que non apareza recollido o número de horas, non serán valorados.

5 PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Unha vez aprobadas as presentes bases, a convocatoria publicarase no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello, na páxina web do Concello, e nun diario de difusión de ámbito provincial, podendo presentar os interesados as súas solicitudes durante **5 días hábiles**, dende o día seguinte ao da publicación do anuncio. As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse no modelo ANEXO 2 de instancia de presentación, e que deberá estar asinada, no Rexistro Xeral do Concello de Tui en horario de 9 a 14, horas os días hábiles, ou na sede electrónica do Concello de Tui. Poderanse tamén presentar de conformidade co disposto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e de presentarse noutros rexistros, deberá enviarse copia da solicitude na que aparece o rexistro de entrada do organismo no que foi presentada, por correo electrónico a secretaria.persoal@concellotui.org, o mesmo día da súa presentación.





EXCMO. CONCELLODETUI

Nas instancias solicitarase presentarse ao proceso selectivo do posto de traballo correspondente, facéndose constar que se reúnen, con referencia á data na que expire o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos esixidos nas presentes bases. Xunto á instancia achegaranse os seguintes documentos:

*Copia do DNI.

*Copia da titulación esixida.

*Copia do xustificante de ter aboado os dereitos de exame.

*Copia do certificado oficial acreditativo do nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega, aos efectos de quedar exento da realización da proba de galego.

*Declaración (ANEXO 3), de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, e declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas de conformidade do disposto no artigo 56.1 do RDL 5/2015, do 15 de outubro. Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Coa solicitude, deberá aportarse a documentación acreditativa dos méritos alegados, debidamente compulsados, puntuando tan so os que mais abaixo se indican.

6 PUBLICIDADE DA LISTAXE DE ADMITIDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Concelleiro delegado, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na páxina web do mesmo (www.concellotui.org), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **tres días hábiles** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicarse na mesma forma. Nesta resolución incluírase, o lugar, a data e a hora de realización dos exercicios. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Tui.

7 MEMBROS DO TRIBUNAL

O Tribunal Cualificador estará formado por un presidente, un secretario e tres vogais. En ningún caso os membros do tribunal cualificador poderán ser funcionarios interinos, persoal eventual ou persoal de elección ou designación política. Cada membro do tribunal terá o seu suplente. Os titulares e suplentes serán nomeados polo Concelleiro competente na materia cando se dite a resolución pola que se aproba a lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo.





EXCMO. CONCELLODETUI

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose ditos asesores unicamente a prestala súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

A actuación do Tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

Os membros dos Tribunais que actúen nestas probas selectivas terán dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, conforme ó establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo, podendo as súas resolucións ser recorridas en alzada ante o concelleiro de goberno competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8 CUALIFICACIÓN FINAL.

Logo da valoración dos méritos alegados e das probas realizadas polas persoas aspirantes, o Tribunal publicará a listaxe provisional das puntuacións acadadas. Dita listaxe será exposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, así como na páxina web do mesmo, www.concellotui.org.

As persoas relacionadas na listaxe anterior, disporán de **tres días hábiles** para presentar alegacións ás valoracións da listaxe provisional, nas mesmas condicións que indican estas bases no seu punto 5 para a entrega da documentación das solicitudes. Esta listaxe, será definitiva, de non presentarse alegacións á mesma no prazo indicado.

Estas alegacións serán aceptadas ou rexeitadas polo Tribunal, na listaxe definitiva que se publicará na mesma forma indicada, e que se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui, e na súa páxina web, www.concellotui.org

En caso de empate nas puntuacións, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- *-primeiro: a maior puntuación obtida na fase de oposición
- *-segundo: a maior puntuación obtida na valoración dos méritos da fase de concurso
- *-terceiro: de persistir o empate, resolverase por sorteo





EXCMO. CONCELLODE TUI

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningunha persoa aspirante a proba ou por non presentarse ninguén á mesma, o alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9 LISTAXE DE RESERVA E VIXENCIA

A lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Alcalde. A resolución do Alcalde e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org) para coñecemento dos interesados e demais efectos legais.

Aos efectos de notificacións e publicacións relacionados co procedemento de selección regulado nas presentes bases reguladoras (tanto as resolucións do Concelleiro responsable na materia, como os anuncios do tribunal cualificador), se procederá mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e, de forma complementaria, publicaranse na páxina Web do Concello de Tui (www.concellotui.org).

En todo caso, os prazos referidos nos diferentes apartados das presentes bases reguladoras, computaranse desde o momento da publicación da resolución ou anuncio correspondente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, sen prexuízo da publicación das presentes bases nun diario de difusión de ámbito provincial.

A lista de espera elaborada terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura destas prazas, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

10 FUNCIONAMENTO DA LISTAXE DE RESERVA:

Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviándolle un burofax e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, así mesmo tentarase comunicar por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o burofax equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

11 RENUNCIAS:

Con carácter xeral, a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: Seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: Pase o final da listaxe de reserva.
- Terceira renuncia: Exclusión definitiva da lista.





EXCMO. CONCELLODETUI

12 EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS:

Procederase a exclusión definitiva da lista de reserva a aquelas persoas que:

- Unha vez que sexan contratadas renunciem ou extingan voluntariamente o seu contrato por calquera causa.
- Renunciem por terceira vez o chamamento para a súa contratación.

13 PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTOS DOS REQUISITOS ESIXIDOS PARA ACCEDER O POSTO.

Cando se tramite o expediente de chamamento do aspirante, no prazo dos 3 días hábiles seguintes a aquel en que se lle requira, presentará no Rexistro Xeral do Concello de Tui os documentos que se especifican seguidamente:

- A) Copia ou fotocopia do título esixido no artigo 3º, ou do xustificante de ter aboados os dereitos para a súa expedición.
- B) Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- C) Fotocopia da cartilla da S.S.
- D) Nº de conta bancaria co número IBAN completo.
- E) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

En Tui, a data da sinatura dixital a marxe.

O Alcalde Carlos Vazquez Padín





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANEXO I: TEMARIO

Tema 1. Historia e evolución do clarinete: orixes e predecesores do clarinete moderno. Sistema de chaves e a súa aplicación no clarinete.

Tema 2. O clarinete actual: descrición das súas características construtivas. Mantemento e conservación. Diferentes tipos de clarinete: características construtivas e de sonoridad. Selección e manipulación de lengüetas.

Tema 3. Características acústicas do instrumento. Principios físicos da produción do son nos tubos sonoros e características específicas. A calidade tonal: timbre, dinámicas e afinación.

Tema 4. Instrumentos da familia do clarinete: Descrición das súas características construtivas e sonoras. Criterios didácticos para a selección de repertorio e a técnica nos estudos superiores. Bibliografía especializada.

Tema 5. Técnicas corporais aplicadas ao instrumento, relaxación física e mental, concentración, hábitos posturais, respiración, control e visualización mental, medo escénico. Descrición e funcionamento do aparello respiratorio.

Tema 6. A técnica do clarinete: principios fundamentais. Formación da columna de aire e o seu control na técnica xeral do clarinete. Formación da embocadura. Emisión do son: utilización dos músculos faciais, da lingua, dos beizos e doutros elementos.

Tema 7. A técnica interpretativa do clarinete na música contemporánea: conceptos básicos. Achega ao desenvolvemento da técnica moderna dos grandes instrumentistas e pedagogos. Fórmulas de escritura propias do instrumento.

Tema 8. Evolución das diferentes escolas e sistemas pedagóxicos específicos do instrumento. Estudo comparativo das concepcións estéticas, teóricas e técnicas das diferentes escolas. A escola española.

Tema 9. A literatura didáctica: principais métodos do instrumento, coleccións de estudos, exercicios e outros materiais pedagóxicos para o clarinete. Criterios didácticos para a selección de repertorio nos estudos superiores.

Tema 10. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental do repertorio clarinetístico do Barroco e do Clasicismo. Criterios interpretativos deste repertorio a nivel superior e problemas técnicos específicos.

Tema 11. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental do repertorio clarinetístico do Romanticismo, do Posromanticismo e do Impresionismo. Criterios interpretativos deste repertorio a nivel superior e problemas técnicos específicos.

Tema 12. Características referidas á evolución do estilo e da escritura instrumental do repertorio clarinetístico desde o inicio do século XX ata os nosos días. Criterios interpretativos deste repertorio a nivel superior e problemas técnicos específicos.

Tema 13. O clarinete na música de cámara. Función e evolución nas diferentes formacións camerísticas ao longo da historia. Repertorio.

Tema 14. O clarinete na orquestra e na banda. Evolución ao longo das diferentes épocas. Repertorio para orquestra, banda e solista da familia do clarinete. Criterios didácticos para a selección e aplicación de repertorio orquestral na aula.

Tema 15. A música de cámara nos ensinos superiores de música. Aspectos e criterios pedagóxicos en canto á selección de grupos, repertorio básico e métodos de traballo.

Tema 16. A interpretación histórica: principios e criterios de actuación.

Tema 17. A improvisación musical: principios, procedementos e recursos. A improvisación dirixida ou libre. A improvisación nos diferentes estilos históricos e nas linguaxes musicais contemporáneas. A improvisación na didáctica do instrumento.

Tema 18. A lectura a primeira vista. Técnicas, estratexias, análise aplicada e métodos. Simplificación ou redución da partitura.

Tema 19. Criterios didácticos para a selección do repertorio no nivel superior, o seu secuenciación e rúbrica de seguimento e avaliación.

Tema 20. A creatividade e o seu desenvolvemento. A creatividade aplicada a todos os aspectos do desenvolvemento instrumental: técnica, capacidade expresiva ou comunicativa, comprensión musical e personalidade artística. Competencias emprendedoras, empleabilidade e xestión de proxectos no ámbito musical.

Tema 21. O traballo autónomo do alumno no nivel superior e a súa capacidade para atopar solucións propias das dificultades que expón unha obra ou texto musical. Estratexias axeitadas.

Tema 22. A memoria. O seu desenvolvemento como base para a formación do oído interno. A memoria como elemento imprescindible nos diferentes aspectos que conforman os estudos do instrumento. Tipos de memoria. Factores no uso da memoria. Técnicas de memorización.

Tema 23. As tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á interpretación, ao ensino e á produción dixital musical. Importancia da utilización do software musical e da selección dos recursos da internet.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

Tema 24. O Proceso de Bolonia e o Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Características do EEES: estudos superiores e de posgrao; o Crédito Europeo de Transferencia e Acumulación (European Credit Transfer and Accumulation System, ECTS), o Suplemento ao Título e o Aseguramiento da Calidade. Características pedagóxicas: a formación baseada en competencias, a aprendizaxe autónoma e ao longo da vida. A adaptación e desenvolvemento dos ensinos artísticos superiores no EEES. Normas de aplicación.

Tema 25. Interdisciplinariedade nos estudos superiores de música. A relación que conforman entre si as diferentes materias do currículo. O desenvolvemento de competencias xerais, específicas e transversais, e a súa aplicación na formación integral do alumno.

Tema 26. O Proxecto Educativo de Centro e a programación didáctica nos ensinos artísticos superiores. A Guía docente: elaboración, datos descritivos, finalidade, obxectivos e competencias, contidos, metodoloxía e recursos, orientación, avaliación e outras informacións de interese.

Tema 27. Metodoloxías e técnicas de investigación en música. A investigación performativa. Elección e xustificación das principais fontes primarias de investigación interpretativa do instrumento para o desenvolvemento dun criterio autónomo e artístico. Avaliación e outras informacións de interese. O traballo de investigación musical: características, estrutura e criterios de redacción.

Tema 28. A música como patrimonio histórico-artístico cultural. A relación da música coas correntes estéticas e coas demais artes. Responsabilidade do docente na súa valoración, preservación e transmisión ás actuais e ás futuras xeracións.



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANEXO 2

Don/a _____,
con DNI núm. _____,
con domicilio en _____,
localidade _____,
código postal _____,
teléfono _____, email: _____

EXPÓN:

Que o Concello de Tui ten aberto proceso selectivo para a confección de listaxe de substitución DUN/DUNHA PROFESOR/A DE CLARINETE E OUTRAS ASIGNATURAS (EXP 717/2018) para o Concello. Que cumpro os requisitos esixidos nas bases da convocatoria e que aboei as taxas de exame municipais correspondentes.

SOLICITO:

Tomar parte no proceso de selección para a confección de listaxe de substitución DUN/DUNHA PROFESOR/A DE FRAUTRA CLARINETE (EXP 717/2018) para o Concello de Tui, polo que achego a seguinte documentación (marcar cun "X"):

- Copia cotexada do DNI
- Copia cotexada do xustificante de ter aboado a taxas de exame
- Copia cotexada da titulación esixida nas bases de convocatoria
- Copia cotexada do certificado do nivel de Celga 4 ou equivalente
- Copias cotexadas da documentación acreditativa dos méritos (pto. 4), relacionar:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____
- 6 _____
- 7 _____

En _____, a _____ de _____ de _____

Sinatura



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANEXO 3

Don/a _____,
con DNI núm. _____ con domicilio en _____

código postal _____ teléfono _____

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INHABILITADO

Que non teño sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin me atopo inhabilitado por resolución xudicial para o exercicio de función públicas, de conformidade co disposto no artigo 56.1 da Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

Que non estou incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CAPACIDADE FUNCIONAL

Que posúo a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas a realizar no posto de PROFESOR DE CLARINETE para o Concello de Tui.

Tui, _____ de _____ de _____

Sinatura.